

Medrar en familia



Obradoiros para familias inquietas

Aprender facendo

Un obradoiro no que aprenderás a realizar xoguetes para estimular ao teu bebé con diferentes materiais que todos temos pola casa. Algunhas das actividades deberán ser feitas polos pais, pero todos os xoguetes resultantes serán para o goce e a aprendizaxe do teu fillo ou filla.

Os nenos aprenden xogando, e canto máis xogan máis desenvolven a súa capacidade de aprendizaxe e relación. Co xogo exploran, imitan, aprenden e descubren solucións. Cando xogamos con eles mostrámoslles sen palabras o moito que nos importan e esta é una das bases para construír a súa autoestima.

Club de contistas

Aínda que os bebés ao principio non entendan o que dicimos o certo é que ler ao bebé dende que nace ten efectos moi positivos para o seu desenvolvemento: mellora os vínculos emocionais, aprende vocabulario, divírtese,...

Lendo aos nosos bebés, regalámoslle un momento de tenrura e atención; axúdao a aprender máis vocabulario, xa que promove a súa linguaxe comprensiva; divírtelle, xa que goza cos cambios de ton de voz e dos sons,...

Coñeceremos diferentes tipos de libros e formas de utilizalos para que os máis pequenos interactúen con eles.

Un mundo de sensacións

Un obradoiro para que os bebés experimenten coas súas mans diferentes texturas e as nais e pais aprendan a elaborar diferentes actividades para estimular a psicomotricidade e gozar de momentos cos seus fillos.

O xogo sensorial ten grandes beneficios para o desenvolvemento dos bebés: desenvolve a creatividade e o xogo imaxinativo e axúdalles a concentrarse. Por medio da manipulación aprenden a expresarse mellor e amplían vocabulario. Neste obradoiro buscaremos fórmulas divertidas que gusten tanto a pequenos como maiores.

A masaxe nutritiva

As masaxes infantís proporcionan moitísimos beneficios tanto á mamá como ao bebé. A masaxe é unha linguaxe non verbal, a través da cal se transmite afecto e tenrura e se aprende a coñecer máis rapidamente os estados de ánimo dos/as nosos/as pequechos/as. É a arte da comunicación a través das mans, das miradas, sorrisos, contacto, xogo,...

O bebé experimenta coa masaxe unha sensación de benestar non só física senón tamén emocional. A masaxe comunica amor e libera tensión, ademais de ter uns beneficios fisiolóxicos e orgánicos.

Medrar en familia



Obradoiros para familias inquietas

Aprender facendo	30 de xuño; 11.00h	Casa das Asociacións
Bebés de 0 a 36 meses	7 de xullo; 17.30h	CSC Castiñeiriño
	16 de setembro; 17.30h	CSC Sta Marta
Club de contistas	2 de xullo; 17.30h	CSX O Ensanche
Bebés de 0 a 36 meses	23 de xullo; 11.00h	Casa das Asociacións
	15 de setembro; 18.30h	CSC Fontiñas
Un mundo de sensacións	14 xullo; 17.30h	Casa das Asociacións
Bebés de 0 a 36 meses	21 de xullo; 11.00h	Casa das Asociacións
	17 de setembro; 17.30h	CSC Vite
A masaxe nutritiva	8 xullo; 17.30h	Casa das Asociacións
Bebés de 0 a 24 meses	12 de setembro; 11.00h	CSC Conxo

IMPORTANTE:

*Imprescindible estar apuntado.

*Cada obradoiro dispón de praza para 12 familias.

*Prazo de inscrición 1 ao 25 de xuño, en caso de quedar prazas dispoñibles poderán cubrirse ata o mesmo día do obradoiro.

*Para o obradoiro *Un mundo de sensacións* traer roupa cómoda e preparada para mancharse.

*Para o obradoiro *Aprender facendo* será necesario traer da casa algúns materiais de refugallo que lle indicaremos no momento de anotarse.

*En caso de non poder asistir rogamos avisen o antes posible ao centro no que se desenvolve a actividade.